

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DÍA 20 DE XUÑO DE 2025

PRESIDENTA:

Dona María Sandra Bastos Míguez

VOGAIS:

**Dona María Nava Castro Domínguez
Dona Luisa María Sánchez Méndez
Don Rafael Domínguez Artime
Don Jorge Cubela López
Don Ricardo Martínez Chantada
Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Don Jesús Vázquez Almuiña
Don Paco Ferreira González
Don Gregorio Luis Agís Gómez
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Don Gorka Gómez Díaz
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez
Don Javier Iglesias Mougán
Dona María Manuela Rodríguez Pumar
Dona María Ortega Iñarrea**

En Pontevedra, sendo as doce horas e quince minutos do día 20 de xuño de 2025, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Sandra Bastos Míguez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, coordinadora xeral Servizos Educativos do Centro Príncipe Felipe.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 23 DE MAIO DE 2025 (Expediente 2025034082)

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 23 de maio de 2025.



2. **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN QUE INSTE Ó PRESIDENTE DA XUNTA A PEDIR DESCULPAS E DAR EXPLICACIÓNS POLO SEU COMPORTAMENTO ANTE A DENUNCIA POR AGRESIÓN SEXUAL CONTRA O CONSELLEIRO DO MAR E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS (Expediente 2025045626)**

O Grupo Provincial do PSdeG-PSOE presentou o día 17 de xuño de 2025, co número de rexistro WEB2025046063, unha moción asinada pola voceira do grupo, D^a. Ana Laura Iglesias Gonzalez, para o seu debate e votación no Pleno, co seguinte teor literal:

"MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN QUE INSTE Ó PRESIDENTE DA XUNTA A PEDIR DESCULPAS E DAR EXPLICACIÓNS POLO SEU COMPORTAMENTO ANTE A DENUNCIA POR AGRESIÓN SEXUAL CONTRA O CONSELLEIRO DO MAR E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de xuño, o ata entón Conselleiro do Mar do Goberno da Xunta de Galicia, o señor Villares, presentaba a súa dimisión sen dar máis explicacións que a de que estaba sendo investigado por un asunto da súa esfera estritamente persoal nunha rolda de prensa de apenas tres minutos de duración e na que non se admitiron preguntas.

O remate desta comparecencia, o ex-conselleiro abandonaba a sala de prensa entre aplausos do seu equipo, entre as que se encontraba a futura nova Conselleira do Mar, a directora do INTECMAR ou a directora territorial en Vigo.

Ao pouco, varios medios de comunicación difunden que o xa ex-conselleiro estaba sendo investigado por unha agresión sexual e revelan a identidade da muller que o denunciou, en moitos casos con titulares machistas e revitimizadores.

Días despois confirmábase que os feitos denunciados producíronse a finais de decembro, que o señor Rueda sóuboo en febreiro e a dimisión do conselleiro chegou, entre aplausos dos seus compañeiros e compañeiras, catro meses despois.

Dende o PSdeG-PSOE queremos amosar de xeito rotundo o noso apoio á vítima e esixir responsabilidades fronte ao tratamento desta situación por parte do Goberno Galego.

Diante da insistencia de varios membros do Partido Popular en que unha posible agresión sexual é un feito que pertence a esfera privada, debemos recordarlle tanto ao ex-conselleiro como ao Partido Popular, que tal e como se recolle no Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e



loita contra a violencia contra as mulleres (Convenio de Estambul), a violencia machista NON é un asunto privado, senón un asunto público.

Ou mesmo deberían ler o que vostedes mesmos publican na web da Consellería de Igualdade onde din que "entender a violencia como un asunto privado reforza ás mulleres a unha situación de subordinación respecto do home e implica asumir as relacións de poder historicamente desiguais entre ambos e a través das cales se lexitima ao home a manter o seu status-quo da dominación incluso a través da violencia. Esta percepción contribúe a que as mulleres non denuncien a súa situación por medo, vergoña ou culpabilidade."

Dende a dimisión do Conselleiro do Mar o pasado 4 de xuño, por parte do Goberno da Xunta non houbo máis que apertas, aplausos e apoio público para o investigado e nin unha soa palabra de apoio e respecto á vítima por parte de ningún membro do goberno galego. Nin sequera da Conselleira de Igualdade, a responsable directa da área que debe loitar contra todo tipo de violencias machistas, entre outras a sexual ou a institucional.

O señor Villares ten dereito á presunción de inocencia, pero o sucedido dende o día 4 traspasa con creces esa idea. Dende que Alfonso Villares dimitiu do seu cargo teñen despregado un relato no que, quen perde o seu dereito á intimidade, á credibilidade e a un xuízo xusto é a muller.

Unha vez máis, o PP estase retratando poñendo o foco na presunta vítima en lugar de no agresor. Lembremos que dende a Xunta de Galicia se publicou unha vergoñenta campaña polo 25N onde poñían o foco nas vítimas en lugar de nos agresores con aquel lema "Non debería pasar, pero pasa". Exactamente a mesma actitude que o Goberno da Xunta, co señor Rueda a cabeza, está tendo ante a denuncia por agresión sexual a un dos seus conselleiros. O que non debería pasar, pero pasa é que dende unha administración pública se revitimiza a unha muller que acaba de presentar unha denuncia por agresión sexual.

A estas actitudes tan vergoñentas e indignas hai que engadir o silencio cómplice do señor Feijoo. Ese ex-presidente da Xunta e, por agora, líder do PP nacional a quen se lle rachaban as vestiduras falando do caso Errejón vertendo frases como "O caso Errejón faría caer a calquera Goberno do noso país, a calquera" ou "Non quero facer leña, pero non me podo calar ante un feito que revela a catadura moral do Goberno".

A que espera o señor Feijoo para saír dicindo que o caso Villares ten que facer caer o Goberno da Xunta de Galicia? Cal é a catadura moral do señor Rueda, do Goberno da Xunta e do Partido Popular?

Pero canto máis avanza os días, mais intolerable é a actitude do señor Rueda. Dende o primeiro minuto so tivo palabras de recoñecemento para o acusado (con abrazo incluído) e nin unha soa



menção á vítima. E recentemente acaba de negarse a dar explicacións no Parlamento Galego sobre porqué tapou durante 4 meses estes feitos cando era coñecedor dos mesmos dende o mes de febreiro.

Como é posible que se poida manter a un investigado por agresión sexual nun cargo público durante catro meses?

O Presidente da Xunta da as costas ás vítimas de violencia sexual. Ó igual que as e os máis altos representantes da Xunta de Galicia que non correron a amosar nas redes sociais o seu apoio á vítima ante o difícil e valente acto que é denunciar unha agresión sexual. Porque a política do Partido Popular consiste sempre en protexerse e nunca en protexer.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes

ACORDOS:

- 1. Instar ó Presidente da Xunta a respectar ás mulleres que denuncian agresións sexuais.*
- 2. Instar ó Presidente da Xunta a pedir desculpas polo seu comportamento ante a denuncia por agresión sexual contra o Conselleiro do Mar.*
- 3. Instar ó Presidente da Xunta a dar explicacións sobre o seu silencio fronte á denuncia por agresión sexual do Conselleiro do Mar da que tivo coñecemento no mes de febreiro.*
- 4. Instar á Xunta de Galicia a establecer un protocolo de actuación para cando se teña coñecemento dunha agresión sexual por parte de membros do Goberno Autonómico ou do Parlamento no que se respecten todos os dereitos das vítimas.*
- 5. Amosar o pleno apoio do Pleno da Deputación de Pontevedra á vítima, denunciando a revitimización que está sufrindo debido á comunicación da súa identidade aos medios de comunicación e exixindo responsabilidades sobre este gravísimo feito tanto para ela como para todas as mulleres que teñen sufrido, sofren ou poidan sufrir violencia machista".*

Sometida a votación a devantida moción, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor:** seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE
- 2. Votos en contra:** nove (9) do grupo provincial do Partido Popular
- 3. Abstención:** dous (2) do grupo provincial do BNG.



A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico ditamina desfavorablemente a moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE na que insta a ó presidente da Xunta a pedir desculpas e dar explicacións polo seu comportamento ante a denuncia por agresión sexual contra o Conselleiro do Mar e outros acordos complementarios; ademais de instar a Xunta de Galicia a establecer un protocolo de actuación para cando se teña coñecemento dunha agresión sexual por parte de membros do Goberno Autonómico ou do Parlamento no que se respecten todos os dereitos das vítimas e amosar o pleno apoio do Pleno da Deputación de Pontevedra á vítima; cos votos en contra das deputadas e deputados do grupo provincial do Partido Popular, a abstención do grupo provincial do BNG e, votos a favor das deputadas e deputados do grupo provincial do PSdeG-PSOE.

3. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO DENTRO DO PROGRAMA "PROVINCIA + INCLUSIVA" 2025
(Expediente 2024081319).

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro dentro do Programa "PROVINCIA + INCLUSIVA" 2025, cuxo contido literal é o seguinte:

"DATOS DE INTERESE

- **Bases reguladoras:** *aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno número 4.35270, na súa sesión do 30 de maio de 2025.*
- **Publicación no BOPPO** número 106 do día 5 de xuño de 2025.
- **Prazo de presentación de solicitudes** aberto dende o día 6 de xuño de 2025 ata o 7 de xullo de 2025 .

1. ANTECEDENTES

Segundo o establecido no artigo 3 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais está facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social; neste sentido, as entidades de iniciativa social son un instrumento necesario para complementar as políticas públicas neste eido. Así mesmo, tamén é obxectivo do sistema promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social.



O artigo 31 da mesma lei establece que o cumprimento dos fins destas entidades promoverase mediante o outorgamento de subvencións, atendendo, entre outros, ao interese social dos distintos servizos e proxectos.

Por este motivo a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, convoca por segundo ano unha liña de subvencións para investimento dirixidas a entidades sen fins de lucro da provincia de Pontevedra.

2. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é a promoción da accesibilidade universal, mediante a eliminación de barreiras arquitectónicas e a adquisición de axudas técnicas e sistemas inclusivos de comunicación no ano 2025

3. FINANCIAMENTO, CONTÍAS E LÍMITES

A dotación destinada a esta convocatoria é de douscentos dez mil (210.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 25/231.2311.789.00.

Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada solicitude non poderá exceder do 80% do seu orzamento nin da cantidade de dez mil (10.000,00) euros.

4. ENTIDADES BENEFICIARIAS E REQUISITOS

Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro, como titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais nas áreas de inclusión, maiores e/ou discapacidade. En caso de que a información que conste neste rexistro non estivese actualizada, a entidade solicitante deberá comunicalo e achegar a información necesaria.*
- Ter sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por "delegación permanente" aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades.*
- Estar ao corrente de pago no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social.*
- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas*



5. GASTOS SUBVENCIONABLES

As actuacións financiadas deberán executarse desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de marzo de 2026.

Gastos subvencionables:

- Gastos derivados das obras de mellora da accesibilidade en inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teñan un dereito de uso por calquera título válido en dereito, cun período de cesión vixente por un mínimo de 5 anos contados a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Non serán subvencionables os gastos de obras de mellora da accesibilidade nos inmobles de alugueiro.*
- Os custos de redacción da memoria técnica do proxecto, se esta fose necesaria, serán subvencionables se están directamente relacionados co investimento subvencionado e son indispensables desde o punto de vista legal para a execución da obra.*
- Gastos para adquirir sistemas de comunicación que permitan a accesibilidade e inclusión de todas as persoas beneficiarias nas actividades da vida diaria. Os bens adquiridos deberán destinarse ao fin subvencionado por un período mínimo de 2 anos.*
- Gastos derivados de adquirir axudas técnicas relacionadas coa mobilidade e o coidado persoal: camas articuladas, colchóns antiescaras, cadeiras de rodas (non cubertas por outro sistema público), guindastres e plataformas elevadoras, andadores, sistemas de elevación, dispositivos motorizados para subir escaleiras, cadeiras para a ducha e outras de similar natureza para o uso das persoas usuarias da entidade solicitante. Os bens adquiridos deberán destinarse ao fin subvencionado por un período mínimo de 2 anos.*

As solicitudes poderán conter un ou varios dos gastos subvencionables anteriormente descritos.

6. VALORACIÓN E CRITERIOS DE CONCESIÓN

A xestión e a concesión destas axudas realizarase mediante o procedemento de concorrência competitiva, segundo os criterios establecidos na base décimo segunda:

A) Criterios relacionados coa entidade (máximo de 20 puntos):

1. Traxectoria da entidade (máximo de 10 puntos)

- Antigüidade de máis de quince anos: 10 puntos*
- Antigüidade de entre dez e quince anos: 7 puntos*
- Antigüidade de entre cinco e nove anos: 3 puntos*
- Antigüidade de menos de cinco anos: 1 punto*

2. Ámbito de actuación da entidade no territorio da provincia (máximo de 10 puntos):

- Ámbito provincial: 10 puntos*
- Ámbito comarcal ou supramunicipal: 7 puntos*
- Ámbito local: 5 puntos*



B) Criterios relacionados co investimento obxecto de subvención (máximo de 30 puntos):

1. Persoas beneficiarias directas do investimento obxecto de subvención (máximo de 10 puntos):

- *Menos de 15 persoas: 5 puntos*
- *Entre 15 e 30 persoas: 7 puntos*
- *Máis de 30 persoas: 10 puntos*

2. Achea económica propia da entidade para o investimento obxecto de subvención (máximo de 20 puntos):

- *A entidade achega recursos propios de entre o 21 % e o 30 % do importe do proxecto: 5 puntos*
- *A entidade achega recursos propios de entre o 31 % e o 40 % do importe do proxecto: 10 puntos*
- *A entidade achega recursos propios de entre o 41 % e o 50 % do importe do proxecto: 15 puntos*
- *A entidade achega recursos propios superiores ao 51 % do importe do proxecto: 20 puntos*

ENLACES RELACIONADOS

- **Bases reguladoras:** <https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2025/06/05/2025041649>
- **Páxina web:** <https://www.depo.gal/es/-/pontevedra-provincia-mais-inclusiva>
- **Procedemento na sede electrónica:** <https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/153404123>

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

4. DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2025 (Expediente 2024068785)

Dende o Servizo de Igualdade elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da concesión de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2025, cuxo contido literal é o seguinte:



"A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 5 de decembro de 2024, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2025. Dita convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 10, de 16 de xaneiro de 2025, e as entidades interesadas nestas subvencións dispuxeron de un prazo para presentación de solicitudes ata o día 17 de febreiro de 2025.

Á convocatoria presentáronse un total de 53 solicitudes, das cales rematado o prazo de presentación de solicitudes e feitos os requirimentos de documentación e as valoracións das solicitudes por parte do Servizo de Igualdade, emítese Informe favorable por parte deste servizo e de Intervención sobre a tramitación do expediente de concesión de 40 solicitudes admitidas á convocatoria de subvencións ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o ano 2025.

Na Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria do 06 de xuño de 2025, adóptase o acordo de concesión das subvención a 40 entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidade e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2025, por importe global de 200.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 25/250.2315.480.01, do vixente orzamento provincial.

As entidades ás que se lle concede subvención son as seguintes:

	Cód. expediente	NIF/CIF	Entidade	Obxecto subvención	Importe asignado
1	2025008442	F67875781	A MORADA NOSA SOCIEDADE COOP GALEGA	ESCOLA FEMINISTA DA MORADA	4.951,48€
2	2025006644	G27820182	ARELAS. ASOC DE FAMILIAS DE MENORES E MOCIDADE TRANS DE GALICIA	QUÉRE-TRANS	5.173,19 €
3	2025005274	G27727593	ASOC ACCION SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	MULLERES CON MOITO QUE DICIR 2025	3.820,00€
4	2025008563	G86107372	ASOC AMAR-DRAGOSTE	ATENCIÓN A VÍCTIMAS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL EN PONTEVEDRA	5.025,38€
5	2025008199	G36776920	ASOC DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA	O TEU CARÓN- ACOMPAÑAMENTO INTERDISCIPLINARIO A MULLERES COIDADORAS	5.025,38€
6	2025008608	G94194701	ASOC DE MULLERES EN IGUALDADE DE TUI	CONTOS COEDUCATIVOS	4.803,68€
7	2025008414	G36100071	ASOC DE PAIS E NAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSIQUICA - ASPAMSIM	EMPODERAMENTO A TRAVES DA MUSICA E O BAILE	4.000,00€



8	2025008423	G27783950	ASOC DIVERSIDADES	DONAS DA CIDADE 2025	5.320,99€
9	2025008609	G36020691	ASOC PROV AMAS DE CASA Y CONSUMIDORES RIAS BAIXAS	ESCOLA DE EMPODERAMENTO DA MULLER	3.695,14 €
10	2025006232	G36627453	ASOC VIGUESA DE ALCOHOLOGIA ASVIDAL	NOS MESMAS 2025	4.064,65€
11	2025008251	G70370119	ASOC. PUNTO DELAS- SECRETARIA DAS MULLERES	REDE LABREGA VIVA	4.685,90€
12	2025008215	G36624120	ASOCIACION APAMP	AO TEU CARÓN III	5.025,38€
13	2025008047	G36624963	ASOCIACION CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA	PROGRAMA CASANDRA. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN INTEGRAL DE LA VIOLENCIA DE GÉNERO	6.133,92 €
14	2025007905	G27826999	ASOCIACION DE EMPRESARIAS DE GALICIA	VII FORO DE LA MUJER	4.434,16 €
15	2025008431	G36341113	ASOCIACION DE MAIORES DE PONTEAREAS	MULLERES EN ACCIÓN	2.961,09 €
16	2025006705	G36642726	ASOCIACION ERGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADICTIVAS	GRUPOS DE AUTOAXUDA PARA MULLERES VULNERABLES DOS CENTROS DE SAUDE DA AREA SANITARIA DE VIGO	5.394,90€
17	2025008032	G16824088	ASOCIACION IRIS SOCIAL	NASTI DE PLASTI	4.508,06€
18	2025008035	G15656762	ASOCIACION PARA A PROMOCION E INTEGRACION DAS MULLERES GALEGAS DO RURAL AGRA	20 ANOS DA LEI ORGANICA 1/2004 DE MEDIDAS DE PROTECCIÓN INTEGRAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	5.986,12 €
19	2025008426	G36527745	ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIAL DA COMARCA DO DEZA	SEMENTANDO IGUALDADE	4.581,97 €
20	2025006365	G27746486	ASOCIACION XARUMA	VOCES MORADAS: PROXECTO DE APODERAMENTO FEMININO EN SAÚDE MENTAL	5.320,99€
21	2025006229	R1500053B	CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO	LUCHA CONTRA LA POBREZA FEMENINA 2025	4.729,77 €
22	2025008185	R3600131A	CASA SANTA MARIA DE LA ESPERANZA ESCLAVAS VIRGEN DOLOROSA	MULLERES QUE BRILLAN III	5.394,90€



23	2025008456	R36001131	COLEGIO NTRA SRA DE FATIMA EN CRECIENTE ESCLAVAS DE LA VIRGEN DOLOROSA	UNHA HISTORIA DE MULLERES	5.616,61 €
24	2025006651	G32115941	CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	ACTIVANDO O RURAL - O EMPODERAMENTO DAS MULLERES CON DISCAPACIDADE	5.025,38€
25	2025008209	Q2866001G	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	AUTOPROTECCION PARA MULLERES	5.099,29€
26	2025008008	G36164887	DOWN PONTEVEDRA XUNTOS ASOC SINDROME DE DOWN	MULLERES CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL: ABORDAXE DA SEXUALIDADE E DAS EMOCIÓNS	6.060,02€
27	2025008045	G36697324	DOWN VIGO ASOC PARA EL SINDROME DE DOWN	MULLER: EDUCACIÓN PARA A SAÚDE	6.060,02€
28	2025008440	G36344950	FEDERACION ASPACE GALICIA	COÑEZO OS MEUS DEREITOS, EXERZO OS MEUS DEREITOS	5.320,99€
29	2025007979	G15545353	FEDERACION DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA	PROXECTO DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA MULLERES CUN PROBLEMA DE SAÚDE MENTAL	6.651,27 €
30	2025008021	G15068091	FEDERACION DE ASOCIACIONES DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA	INTERVENCIÓN SOCIAL CON MULLERES XORDAS PARA A AUTONOMÍA PERSOAL E A IGUALDADE	4.655,87€
31	2025008202	G81454969	FUNDACION AMIGÓ	ACOMPANANDO	5.320,99€
32	2025005883	G15859911	FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	PROGRAMA DE RECURSOS INTEGRAIS PARA MULLERES EN ESPECIAL VULNERABILIDADE E/OU CON SINGULARES DIFICULTADES	5.468,80€
33	2025006222	G36797579	FUNDACION CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	CUME ATENCIÓN INTEGRAL A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO FASE II	4.138,55 €
34	2025005621	G36861078	FUNDACION ERGUETEINTEGRACION	PROXECTO DANA	5.099,29€



35	2025008002	G27753367	FUNDACION FORMAVIGO	MELLORA DA EMPREGABILIDADE DAS MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE NA COMARCA DE VIGO	5.099,29€
36	2025007903	G27866763	FUNDACION IMPULSARSE PARA EL DESARROLLO DEL EMPLEO Y LA INTEGRACION SOCIAL	YO SOY TU PUNTO VIOLETA	3.473,43€
37	2025004230	G36880615	FUNDACIÓN INTEGRA PARA LA DISCAPACIDAD INTELLECTUAL	PROXECTO INTEGRA: NA PROCURA DA IGUALDADE PARA MULLERES CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL	5.247,09€
38	2025005990	G24452435	FUNDACION JUAN SOÑADOR	ITINERARIOS INDIVIDUAIS E ESPAZO DE ENCONTRO ENTRE MULLERES	6.060,02€
39	2025007991	G15551120	FUNDACION MENIÑOS	PROGRAMA DE ATENCIÓN PERINATAL PARA NAIS EN VULNERABILIDADE SOCIAL	5.542,70€
40	2025008243	G27023951	SINDICATO LABREGO GALEGO- COMISIONS LABREGAS	RAICES FEMINISTAS	5.023,34€

As solicitudes desestimadas por non cumprir os requisitos recollidos nas bases reguladoras da convocatoria son as seguintes:

- ✓ Asociación Transmiño (CIF: G94196516)
- ✓ Asociación de Caride Santiago Apóstol (CIF: G36204931)
- ✓ Asociación O Son do Pobo (CIF: G94017704)
- ✓ Asociación Woman Defense Solidaria (CIF: G10547644)
- ✓ Asociación de Xubilados e Pensionistas Caldenses (CIF:G36455178)
- ✓ Asociación de Empresarios de Mos (CIF: G36223543)
- ✓ Arnela Soc. Coop. Galega (CIF: F72575616)
- ✓ Asociación Xuvenil Cultural Staccato (CIF:G36592582)
- ✓ Asoc. atención a la parálisis cerebral AMENCER-ASPACE (CIF: G36153757)



- ✓ *Asociación diagnosticados de cancro de mama ADICAM (CIF G36380301)*
- ✓ *Asociación para el desarrollo educativo y cultural (CIF: G94153053)*
- ✓ *Asociación de mulleres rurais e culturais Albor de Valga (CIF: G36187524)*

- ✓ *Dalle que Dalle S. Coop Galega (CIF: F94096021)*

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce e vinte minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

